

XXXI FESTIVAL DE
JAZZ LUGO

5-21
NOV 2021



CÍRCULO DAS ARTES

Escenario 1906



VENRES 5 | 20:30 h

THE HUNBERTONES
FEAT. SHAYNA STEELE | USA

SÁBADO 6 | 20:30 h

FEDERICO LECHNER TANGO-JAZZ TRÍO
+ SHEILA BLANCO | ARGENTINA/ESPAÑA

XOVES 11 | 20:30 h

XACOBE MARTÍNEZ ANTELO QUINTET
(XMA5) | GALICIA | ENTRADA DE BALDE

VENRES 12 | 20:30 h

BLACK ART JAZZ COLLECTIVE | USA

SÁBADO 13 | 20:30 h

ABE RÁBADE TRÍO | GALICIA

DOMINGO 14 | 21:00 h

GHOST-NOTE | USA

CONCERTO PATROCINADO POLO
CONCELLO DE LUGO, ÁREA DE CULTURA
ENTRADA LIBRE. RESERVAS: www.entradaslugo.es

MÉRCORES 17 | 20:30 h

KENNY GARRETT QUINTET
| USA

XOVES 18 | 20:30 h

JULIÁN LAGE TRÍO | USA

VENRES 19 | 20:30 h

DAVE WECKL / TOM KENNEDY PROJECT
| USA

SÁBADO 20 | 20:30 h

PERICO SAMBEAT ENSEMBLE
PLAYS ZAPPA | ESPAÑA

DOMINGO 21 | 20:30 h

RAY GELATO & THE GIANTS | UK

CASA DO SABER

MARTES 16 | 20:00 h

IGNASI TERRAZA / HORACIO FUMERO DÚO
| CATALUÑA/ARGENTINA

CLUB CLAVICÉMBALO



VENRES 5 | 23:00 h

ALBA CARETA GROUP | CATALUÑA

SÁBADO 6 | 23:00 h

DAVID PASTOR QUARTET
THE FILM SESSIONS PROJECT | VALENCIA

ABYA YALA | GALICIA

DOMINGO 7 | 13:00 h

NARCI RODRÍGUEZ DA TRÍO | GALICIA

XOVES 11 | 22:30 h

ALO DJANGO | GALICIA

VENRES 12 E SÁBADO 13 | 23:00 h

LUISMO VALLADARES QUARTET
| CANARIAS

SÁBADO 13 | 22:30 h

VIRUXE | GALICIA

DOMINGO 14 | 13:00 h

MAGALÍ SARE & SEBASTIÀ GRIS
| CATALUÑA

MÉRCORES 17 | 22:30 h

LOS FUMEROS | ARGENTINA/CATALUÑA
HORACIO FUMERO: contrabaixo
LUCÍA FUMERO: piano e voz

XOVES 18 | 22:30 h

ALFONSO CALVO SEPTET | GALICIA

VENRES 19 | 23:00 h

GONZALO DEL VAL TRÍO
& BENET PALET | CATALUÑA

SÁBADO 20 | 23:00 h

THE MACHETAZO | MADRID



- Obrigatorio o uso da máscara
- Retírese soamente para beber
- Recolleranse os datos dos asistentes no momento de acceder ao recinto

GOCEMOS CON SENTIDIÑO!

Emenda e traduce: Shuí Lóng
Maquetación e impresión: Sete Cores Artes Gráficas
Deseño de portada: José Manuel Peña Romay



MARTES 16 | 20:00 h | Casa do Saber

IGNASI TERRAZA HORACIO FUMERO DÚO

| CATALUÑA/ARXENTINA

Ignasi Terraza, un dos pianistas de jazz máis destacados de España e con gran proxección internacional, dono dun *swing* e dunha capacidade de improvisación soberanos, e Horacio Fumero, contraibaxista do trío de Tete Montoliu durante vinte voltas da terra ao sol, levan tocando xuntos máis de trinta anos en diferentes agrupacións. Son dous músicos veteranos moi premiados, posuidores dunha importante discografía como líderes e como acompañantes.

A súa música reflicte un alto grao de complicidade que vai máis alá das notas: escenarios, viaxes, libros, cada un deles compartido. Dous bos amigos de toda a vida conversando, ás veces con palabras e nesta ocasión a través da arte de combina-los sons.

Harmonicamente falando...

Ignasi Terraza: piano
Horacio Fumero: contraibaxo



CASA DO SABER



#bornelectric



NO ES EL PODER DE LAS PALABRAS,
ES EL PODER DE LA ACCIÓN
NUEVOS BMW iX & BMW i4 100% ELÉCTRICOS

Con los nuevos BMW iX & BMW i4 podrás seguir disfrutando de la conducción BMW de siempre, asegurándote de que hay un para siempre. Al diseño, tecnología y prestaciones de BMW se le unen sus nuevos motores 0 emisiones para que, por mucho que te muevas, lo hagas sin dejar huella.

Lugauto

Ctra. Nueva de Santiago, km 2,1
Louzaneta, s/n
Tel.: 982 24 40 61
Lugo

www.lugauto.concesionariobmw.es

BMW i4: Consumo eléctrico WLTP en kWh/100 km (promedio): 16,1
22,6. Emisiones de CO₂ en g/km (promedio): 0
BMW iX: Consumo eléctrico WLTP en kWh/100 km (promedio):
19,321,4. Emisiones de CO₂ en g/km (promedio): 0

VENRES 5 | 20:30 h

THE HUNTERTONES FEAT. SHAYNA STEELE | USA

Huntertones era a banda instrumental máis potente da Universidade de Columbus, Ohio. Alí fixeran unión, tras unha *masterclass* sobre Art Blakey, o sousafonista e trompetista Jon Lampley, o trombonista e *beatboxer* Chris Ott e o saxofonista Dan White. No 2014, os tres amigos e varios compañeiros tomaron rumbo a Brooklyn. Desde entón, tódolos integrantes labran unha carreira de éxito en Nova York ao tempo que manteñen Huntertones nunha imparable escalada mundial.

Os seus novos temas inspíranos xiras internacionais e encontros interculturais en América do Sur, Europa e África amais de experiencias musicais con diversos artistas; membros de Huntertones colaboraron con Stevie Wonder, Ed Sheeran, Ricky Martin, Jon Batiste, Snarky Puppy e moitos outros.

Pola súa parte, Shayna Steele paraba en Biloxi —Mississippi—, a súa cidade natal, cando, no 2005, unha chamada completamente inesperada lle supón traballar con Moby, do que resulta «Raining Again», comezo dunha serie de colaboracións con persoeiros da música e o cinema e dunha ben sucedida carreira artística. Dada a coñecer por gravacións con Snarky Puppy, Moby, Rihanna e un ceo máis de estrelas, a voz de Shayna Steele executa un voo de transición perfecta sobre o *soul*, o *blues*, o *gospel*, un *R&B* moi *retro* e o *jazz*.

Shayna Steele: voz

Dan White: saxo tenor

Chris Ott: trombón e *human beatbox*

Jon Lampley: trompeta e sousafón

Joshua Hill: guitarra

Adam DeAscentis: baixo

John Hubbell: batería



SÁBADO 6 | 20:30 h

FEDERICO LECHNER TANGO-JAZZ TRÍO + SHEILA BLANCO | ARGENTINA/ESPAÑA

Tango-Jazz Trío, que lidera Federico Lechner, conta quince anos de existencia, un longo percorrido por clubs e festivais de todo o planeta máis catro discos e varios programas de televisión gravados. O grupo naceu como laboratorio musical no que mestura-los mundos do *jazz* e o tango vertendo no tubo de ensaio tangos clásicos, *standards* de *jazz* emblemáticos e composicións orixinais nadas do espírito mesmo da fusión. O resultado é un repertorio ilustrado cunha gama de cores innovadora que xunta os devanditos temas propios e clásicos.

Engádase a estes obsequios o dunha voz capaz de debullar letras virtuosamente e de practica-la improvisación como entidade instrumental, pois a nova posta en escena trae unha solista invitada moi especial, a cantante Sheila Blanco, unha artista versátil e de enorme talento, gran presenza e amplo coñecemento de ámbolos xéneros musicais.

Sheila Blanco: voz

Federico Lechner: piano

Toño de Miguel: contrabaixo

Andrés Litwin: batería

CÍRCULO DAS ARTES

Escenario 1906



XOVES 11 | 20:30 h

XACOBE MARTÍNEZ ANTELO QUINTET (XMA5) | GALICIA | ENTRADA DE BALDE

A traxectoria profesional de Xacobe Martínez Antelo deixa un balance de case corenta discos dos que fai parte como baixista, contrabaixista ou director musical.

Preséntanos agora —vai de cincos; é beleza— a quinta formación que lidera: un renovado quinteto integrado por máximos expoñentes do novo jazz galego.

Javier Pereiro: trompeta
Xosé Miguélez: saxo tenor
Max Gómez: batería
Manuel Cebrián: guitarra
Xacobe Martínez Antelo: contrabaixo



VENRES 12 | 20:30 h

BLACK ART JAZZ COLLECTIVE | USA

Nacido no 2012 da idea de Johnathan Blake á batería, Wayne Escoffery ao saxo tenor e Jeremy Pelt á trompeta para festexa-lo jazz e maila súa historia, poñendo especial atención no *hard bop* e no son contemporáneo típico dos anos 50 e 60, o Black Art Jazz Collective complétase con James Burton III ao trombón, Víctor Gould ao piano e Rashann Carter ao contrabaixo. Co tempo, Mark Whitfield Jr. substituíu a Blake na batería.

O seu último disco, *Ascension*, foi editado en xuño do 2020 e, máis que explorar novos horizontes musicais, preserva a tradición *jazzística* norteamericana dos anos 60; desde Wayne Shorter ata Herbie Hancock, desde Miles Davis ata John Coltrane. A esencia.

Wayne Escoffery: saxo
Jeremy Pelt: trompeta
James Burton III: trombón
Victor Gould: piano
Rahsaan Carter: contrabaixo
Mark Whitfield Jr.: batería

SÁBADO 13 | 20:30 h

ABE RÁBADA TRÍO | GALICIA



Tras doce álbums como líder, Abe Rábade presenta o seu novo disco en trío, *Sorte*, que forman doce composicións orixinais interpretadas por Abe ao piano, e pola sección rítmica habitual, Pablo Martín Caminero e Bruno Pedroso ao contrabaixo e á batería respectivamente.

Dada a suxestiva idea da *Sorte* en si, poder e forza, grupo de elementos que emerxen do azar e modifican o curso das cousas, cada peza do compacto representa un estado de ánimo ou unha fonte magnética de inspiración. O abano estético do material vai da música clásica ao *blues* e pasa pola influencia da música tradicional de Galiza. Nin a experimentación tímbrica de vangarda nin, por suposto, os elementos interactivos e espontáneos tan propios do jazz se esquecen tampouco.

Abe Rábade: piano
Pablo Martín Caminero: contrabaixo
Bruno Pedroso: batería

CÍRCULO DAS ARTES

Escenario 1906



MÉRCORES 17 | 20:30 h

KENNY GARRETT QUINTET

| USA

No transcurso dunha carreira estelar que superou os trinta anos de duración, Kenny Garrett converteuse, sen dúbida, no saxofonista alto máis relevante da súa xeración.

Merecedor no 2010 dun Grammy ao mellor álbum de jazz instrumental e cinco veces nomeado para os premios, foi investido no 2011 doutor *honoris causa* polo Berklee College of Music.

Desde o seu primeiro concerto coa Duke Ellington Orchestra, ao longo de toda a súa vida profesional, compartida con músicos como Freddie Hubbard, Woody Shaw, Art Blakey & The Jazz Messengers e Miles Davis, Garrett mantívose en posesión dun son característico independente do contexto musical en cada momento.

Compositor e líder da propia banda, non deixa de mellorar; co selo Mack Avenue edita no 2001 o último disco do que se ten noticia ata agora, *Sounds from the Ancestors*.

Kenny Garrett: saxos

Vernell Brown: piano

Corcoran Holt: contrabaixo

Ronald Bruner: batería

Rudy Bird: varios instrumentos de percusión



XOVES 18 | 20:30 h

JULIÁN LAGE TRÍO | USA

Alguns críticos empregaron comparativas de superioridade para referirse a Lage e a lendas da guitarra jazz como Bill Frisell, John Scofield e Pat Metheny. Lage permanece honesto e humilde cando reacciona a tales comparacións: «esas personas son mis héroes y trato de mantener todo en perspectiva». Considerado un dos guitarristas prodixiosos da súa xeración e pertencente á «máis alta categoría de músicos improvisadores» (segundo *The New Yorker*), Julián Lage dedicou máis dunha década a investiga-la enorme cantidade de cepas nas liñaxes do pasado musical estadounidense mediante unha técnica impecable: a libre asociación nun espírito dotado de infinitas posibilidades. Aínda que só ten trinta e tres anos, o músico nacido en California e radicado en Nova York dispón dun currículo longo e prolífico en calidade de líder, acompañante (xunto de iconas como Gary Burton, John Zorn e Charles Lloyd) e socio de dúo (con Nels Cline, Chris Eldridge e Fred Hersch entre outros).

Tras media ducia de álbums ao seu nome, no 2020 gravou a súa estrea de *frontman* para Blue Note Records. O guitarrista reflexionou sobre a historia do selo e a forma en que a propia música se conectaba con el. O froito é *Squint*, un novo álbum sorprendente que combina a composición expresiva e incisiva coa profunda interacción entre músicos que Lage perfeccionou os últimos anos canda os habituais tríos.

Julian Lage: guitarra

Matt Brewer: contrabaixo

Kenny Wollesen: batería

CÍRCULO DAS ARTES

Escenario 1906



VENRES 19 | 20:30 h

DAVE WECKL / TOM KENNEDY PROJECT

| USA

Dave Weckl (1960) excede os trinta e cinco anos sendo unha das principais referencias musicais a nivel internacional. Considerado un dos vinte e cinco mellores baterías de tódolos tempos, o seu dinámico e variado estilo instrumental inspirou a artistas do mundo enteiro. Sería difícil encontrar un magno profesional dentro da industria musical que non contara con Dave Weckl: fixérono Michael Brecker, Michel Camilo, Simon and Garfunkel, George Benson, Diana Ross, Robert Plant, Madonna, Paquito D'Rivera, Chuck Loeb, Arturo Sandoval, Eliane Elías, Lee Ritenour, Bill Evans, Frank Gambale, Eric Marienthal, Mike Stern...

Talvez fora a Elektric Band de Chick Corea a que lle deu o impulso definitivo. Aquela relación acabou en Grammy. O traballo en solitario tamén lle permitiu profundar nas súas habilidades en *jazz* fusión e *latin jazz* o que contribuíu en gran medida ao desenvolvemento da forma contemporánea de toca-la batería.

Tom Kennedy (1960), un músico consagrado, tanto de estudio como de directo, é un dos baixistas máis respectados da Terra. Xa na súa xuventude tivo a oportunidade de tocar con iconas do *jazz*: Freddie Hubbard, James Moody, Nat Adderly, Sonny Stitt, George Russell, Barney Kessel e Herb Ellis. Desde aquela, Tom andou de xira e gravou con Mike Stern, Lee Ritenour, Dave Grusin, Michael & Randy Brecker, Al Di Meola, Simon Phillips, Steve Gadd, Frank Gambale, Steve Lukather, David Sanborn, Jeff Lorber, Ricky Lawson, Joe Sample, Harvey Mason e incluso coa banda de fusión Planet X por mencionar algunhas colaboracións. Ao longo da súa traxectoria artística internacional, e ata a data, editou cinco discos en solitario ademais de participar nun número de gravacións superior a douscentos.

Dave Weckl: batería **Tom Kennedy:** baixo eléctrico
Bob Franceschini: saxos **Stu Mindemann:** teclados

SÁBADO 20 | 20:30 h

PERICO SAMBEAT ENSEMBLE PLAYS ZAPPA | ESPAÑA


Perico Sambeat Plays Zappa é un dos espectáculos máis atractivos e elaborados da actualidade *jazz* neste país. Editado *discográficamente* no 2017, acadou un éxito indiscutible en tódolos escenarios e grandes festivais nos que foi representado. Un magnífico traballo realizado con todo o rigor e a profesionalidade dun *ensemble* de importantes músicos valencianos que dan vida a un excepcional repertorio proveniente da obra do carismático músico e compositor norteamericano Frank Zappa, a cal son quen de trasladar a territorios *jazzísticos* sen ela perder un ápice da natureza primordial.

Perico Sambeat: sobranceiro músico de *jazz*; saxofonista español de maior proxección internacional que reúne polo menos vinte anos de traxectoria profesional. Nunha vintena de discos, líder, en máis dun cento, colaborador. Destacan os seus traballos con grandes figuras como Brad Mehldau, Kurt Rosenwinkel, Tete Montoliu, Michael Brecker, Pat Metheny, Dave Douglas, George Colligan, Eddie Henderson, Bruce Barth, Wallace Roney e un longo etcétera sen abreviar.

Perico Sambeat: saxo alto **Javier Vercher:** saxo tenor
Voro García: trompeta **Carlos Martín:** trombón
Iván Cebrián: guitarra **David Cid:** piano
Julio Fuster: contrabaixo **Miquel Asensio:** batería

CÍRCULO DAS ARTES

Escenario 1906



DOMINGO 21 | 20:30 h

RAY GELATO & THE GIANTS | UK

Só existe un Ray Gelato!

Ray amosa o seu estilo único de *swing*, *jazz* e *R&B* polo ancho mundo desde 1988. Cantante, saxofonista, compositor... Foi convidado aos meirandes festivais internacionais e clubs de *jazz* de Nova York a Tokio. Xa pasan de vinte e cinco os anos durante os que **Ray Gelato & The Giants** levaron e seguen levando o seu xenuíno *swing* a melómanos do planeta todo.

Ray Gelato, o *Padriño do Swing*, e a súa lendaria banda, The Giants, inundan de enerxía unha audiencia que nunca para de bailar e sempre pide máis. Pódeno certificar desde a raíña de Inglaterra, para quen ten actuado en dúas ocasións, ata Sir Paul McCartney, que elixiu a Ray para anima-la súa voda.

The Big Sound (2019) é, polo momento, o último disco de Ray, presentado nas mellores salas e nos meirandes festivais *jazz* de Europa.



Ray Gelato: voz e saxo tenor
Danny Marsden: trompeta
Andy Rogers: trombón
Olly Wilby: saxo tenor e saxo alto
Gunther Kurmayr: piano
Manuel Álvarez: contrabaixo
Ed Richardson: batería

CÍRCULO DAS ARTES

Escenario 1906



Paolo Terlizi © SixHats Studio

VENRES 5 | 23:00 h

ALBA CARETA GROUP | CATALUÑA



Alba Careta presenta *Alades*, o segundo disco no que é líder, dous anos despois de saír con forza á escena jazz catalá e europea con *Orígens* (Blue Asteroid Records, 2018), eloxiado polo público e pola crítica, que lle concedeu o premio Enderrock 2018 a mellor álbum de jazz.

Tras cursa-lo mestrado en trompeta jazz no Conservatorium van Amsterdam, Alba volta á casa para dar continuidade escénica a unha obra enérxica, rompedora e próxima na compañía dos músicos jazz máis prometedores de Cataluña.


Alba Careta: trompeta e voz
Lucas Martínez: saxo tenor
Roger Santacana: piano
Giuseppe Campisi: contrabaixo
Josep Cordobés: batería

SÁBADO 6 | 23:00 h

DAVID PASTOR QUARTET | VALENCIA

THE FILM SESSIONS PROJECT

VALENCIA



David Pastor actuou e gravou con artistas do talle de Presuntos Implicados, Michael Bubble, Armando Manzanero, Celia Cruz, Lucrecia, Martirio, Miguel Poveda, Santiago Auserón, Seguridad Social, Lolita, Jaime Urrutia, Fundación Tony Manero e Arturo Sandoval.

Actualmente é profesor na Escola Superior d'Estudis Musicals Taller de Músics de Barcelona e director da Original Jazz Orquestra do Taller de Músics. Ademais, é profesor do Taller de Formación de Jazz e director da Big Band da Universitat Jaume I (UJI).

David Pastor: trompeta
Francesc Capella: piano
Tom Warburton: contrabaixo
Anton Jarl: batería

SÁBADO 6 | 23:00 h

ABYA YALA | GALICIA



Este *ensemble* irmanda aquilo que lle vibra das profundas raíces de América, da música latina actual e da forte cultura africana. Nace para experimentar novas ideas, para mesturar tango, chachachá, samba, *guagancó* e un longo etcétera co jazz e a fusión máis modernos.

Enrique López Céndan, Kike: saxo
Carlos López, Xarly: baixo
Marco Mendoza Carvajal: batería
Robert Frías: piano

DOMINGO 7 | 13:00 h

NARCI RODRÍGUEZ DA TRÍO | GALICIA



o trío nace no 2019 idea de Narci Rodríguez en conxunción con Ilmarto e Zalo Rodríguez, nace traballo de autor en diferentes linguas con breve historia pero con moita proxección cara ao futuro. o trío defende as boas formas do groove, as mesturas electroacústicas e a música en canto motor de concienciación humana.

INMERSIÓN NO BALEIRO CUÁNTICO é o novo EP do trío. Este traballo discográfico, gravado en Pouland Estudios, editase cunha diferenza de doce meses da súa aclamada ópera prima *REFLEXIÓNS*.

Narci Rodríguez: voz e baixos
Ilmarto: batería
Zalo Rodríguez: teclados e sintetizadores

XOVES 11 | 22:30 h

ALO DJANGO | GALICIA



Creación galega inspirada no *jazz* e na música, chamada *gypsy swing*, dos xitanos manouche centroeuropeos, estilo lírico, alegre e acústico cuxo máximo representante é o mítico guitarrista Django Reinhardt.

Alo Django ten como obxectivo fundamental difundir os sons manouche por medio dun concerto con moito *swing* e humor. Se pensas que o *jazz* é aburrido, aínda non escoitaches Alo Django.

Xabier Mera: guitarra e voz
David Tato: guitarra
Quim Fariña: violín
Alfonso Calvo: contrabaixo

VENRES 12 E SÁBADO 13 | 23:00 h

LUISMO VALLADARES QUARTET | CANARIAS



Baixista tinerfeño destacado no ámbito nacional, impecable o currículo, fixose deseguida famoso pola súa técnica elegante e por unha comprensión da arte de conxugar sons marcadamente sobresaliente. O *blues* no seu eco primitivo é o fundamento referencial que, conectado á harmonía contemporánea, conforma o núcleo candente deste músico. Luismo ten en propiedade un desexo de saber innato ao servizo da experimentación.

Luismo Valladares: baixo
Cameron Rivero: saxos
Pablo Díaz: teclados
Sergio Díaz: batería

SÁBADO 13 | 22:30 h

VIRUXE | GALICIA



Viruxe Electric Trío destaca por incorporar a electrificación nun instrumento de natural acústico como a batería, por concentrar nos teclados o papel do solista e mailo acompañante, que xeralmente se separarían incluíndo a un baixista, e por electrificar, así mesmo, a guitarra máis alá do habitual no *jazz*. Fornece deste xeito cores e instantes que evolucionan dun concepto clásico para introducírense sen prexuízos no terreo da fusión e do *rock* progresivo.



Alfredo García: guitarra
Bruno Couceiro: batería e *octapad*
Iago Mourinho: teclados

DOMINGO 14 | 13:00 h

MAGALÍ SARE & SEBASTIÀ GRIS | CATALUÑA



Despois de debutar en solitario con *Cançons d'amor i dimonis*, Magalí Sare, xunto con Sebastià Gris, está facendo a xira do seu novo disco titulado *A BOY AND A GIRL* e producido por David Soler e Santi Careta; unha aposta pola experimentación e pola unión dos mundos clásico e moderno. Este álbum foi considerado un dos mellores discos de *world music* pola World Music Charts Europe.

Magalí Sare puxo voz ao anuncio de Estrella Damm do verán 2020, participou en calidade de vocalista na xira *Estómac* da compositora e pianista Clara Peya e ten un dúo con Manel Fortià, prestixioso contrabaixista de *jazz*.

Magalí Sare: voz
Sebastià Gris: contrabaixo

MÉRCORES 17 | 22:30 h

LOS FUMEROS

| ARXENTINA/CATALUÑA



Forxador da sonoridade rítmica de Tete Montoliu durante vinte anos longos, en compañía do batería Peer Wyboris, e referente para máis de tres xeracións de contrabaixistas do país, Horacio Fumero segue impulsando a inquietude e o talento creativo dos máis novos con formacións como este maravilloso dúo, no que o acompaña a súa filla Lucía ao piano e á voz. Unha actuación que entrecruza xuventude e experiencia.

Lucía Fumero: piano e voz
Horacio Fumero: contrabaixo

XOVES 18 | 22:30 h

ALFONSO CALVO SEPTET

| GALICIA



Trala estupenda acollida de público e crítica de *Sea Ahead* (Free Code Jazz Records, 2016), segundo traballo como cabeza de grupo do contrabaixista compostelán Alfonso Calvo, chega *Monday Mood*, editado por Tiny Moon Records e cuxas composicións exploran as enormes posibilidades en arranxos dun *ensemble* mediano. Neste luns choven e raian sol referencias evidentes ao *hard bop* e ao *jazz* modal e *piscadelas* á música brasileira e ao flamenco.

Pablo Castaño: alto, soprano, frauta
Diego Alonso: tenor
Xabier Pereiro GdJazz: trompeta, fliscorno
Luis Miranda: trombón
Iago Mouriño: piano
Alfonso Calvo: contrabaixo, composición e arranxos
Miguel Cabana: batería

Convidado especial - **Ton Risco:** vibráfono

VENRES 19 | 23:00 h

GONZALO DEL VAL TRÍO & BENET PALET

| CATALUÑA



Gonzalo del Val é un batería moi destacado da escena *jazzística* actual. Músicos de excepcional talento como Dave Liebman, Stephane Belmondo, Marco Mezquida, Marc Miralta, Albert Bover, David Mengual, Víctor de Diego, Jordi Bonell, Horacio Fumero e incluso Joan Albert Amargós quixeron a del Val para a posta en marcha dos propios proxectos musicais, o que o converteu rapidamente nun dos músicos máis valorados e solicitados hoxe. Dános a coñece-lo seu novo traballo discográfico e terceiro desta formación, *CANCIONERO*, que editou o renomeado selo internacional Fresh Sound New Talent.

Un trío espectacular aderezado nesta ocasión cun dos músicos máis sobresaíntes e procurados do panorama nacional, o trompetista Benet Palet.

Benet Palet: trompeta
David Mengual: contrabaixo
Marco Mezquida: piano
Gonzalo del Val: batería

SÁBADO 20 | 23:00 h

THE MACHETAZO

| MADRID



Conxunto musical fundado por cinco xoves músicos de *jazz* contemporáneo establecidos en Madrid. As pezas que interpretan enraízan principalmente no *jazz* pero son independentes, en certa maneira, das convencións do xénero ao estar arranxadas e interpretadas cun enfoque e sentimento inéditos no mesmo. A diferenza doutros artistas que se presentan co nome do seu líder, eles considéranse unha «verdadeira» banda, polo que o fan cun nome propio que transmite a forza da súa música e dos seus directos así como a pretensión de racha-los prexuízos estilísticos.

The Machetazo é un grupo instrumental con influencias moi diversas, unha sobria raíz *jazz* e moita aventura contemporánea. Alí onde a improvisación cohabita.

Jorge Castañeda: piano
Daniel Juárez: saxo tenor
Mikel Urretagoiena: batería
Nacho de Frutos: guitarra
Dario Guibert: contrabaixo



PATROCINAN E COLABORAN:



¿Te gusta conducir?



Venda anticipada de entradas



+ info www.jazzlugo.com

